

DEZASETE CENTROS EDUCATIVOS PARTICIPAN ESTE CURSO NO PROGRAMA TEMÁTICO SALVAVIDAS DO PLAN PROXECTA+

A iniciativa Salvavidas é un dos programas incluído no Plan Proxecta+ da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades dirixido a centros de ensino non universitarios de toda Galicia sostidos con fondos públicos dependentes da propia Consellería. E na que neste curso, 2023/24, participarán en dúas modalidades:

En fomento de actitudes favorables cara a doazón de sangue, os centros CEE de Panxón (Nigrán), CEIP Pérez Viondi (A Estrada), CPR Cruz Roja Española (A Coruña), CRP Plurilingüe Luis Vives (Ourense), IES de Sar (Santiago de Compostela), e IES Vilar Ponte (Viveiro).

En fomento de actitudes favorables cara a doazón de órganos e tecidos, os centros CPR Plurilingüe Montesol (Vigo), IES Arcebispo Xelmírez I (Santiago de Compostela), IES Gonzalo Torrente Ballester (Pontevedra), CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel (Ourense), EPAPU Sta. María de Caranza (Ferrol), IES Xulián Magariños (Negreira), CPR Plurilingüe Ntra. Señora de la Esperanza (Vigo), IES Agra de Raíces (Cee), IES Valle-Inclán (Pontevedra) e o IES Ribeira do Louro (O Porriño).

Sendo a finalidade deste programa desenvolver proxectos vinculados co beneficio social que supón o solidario xesto da doazón de sangue, tecidos e órganos, procurando que o alumnado se familiarice con todo o relacionado coa doazón, para que o perciba como un claro exemplo de altruísmo que beneficia a toda a sociedade. Para iso, estes centros participantes promoverán a realización de traballos en equipo no que quedarán visibles os beneficios da doazón como contribución individual ao ben colectivo.

Selección de boas prácticas:
CPR Montesol de Vigo:

- <https://vigohoy.es/alumnos-do-colexio-montesol-levan-o-proxecto-salvavidas-ao-alvaro-cunqueiro/>

IES Xelmirez I de Santiago de Compostela:

- <https://salvavidasxelmirez1.wordpress.com/>
- <https://youtu.be/1TSETA12x7w>
- <https://www.xelmirez.com/salvavidas/salvavidas22.23.html>
- [Dá O Ar on Vimeo](#)

IES Ribeira do Louro de Porriño:

- [Proxecto da Exposición doazón de órganos IES Ribeira do Louro - YouTube](#)
- [IES Ribeira Louro Fai que suba a marea Doa - YouTube](#)

